



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Aprobada hoxe pola Deputación Permanente do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia expresa a súa máis firme condena polo bombardeamento que onte causou a morte de cidadáns libaneses -na súa maioría nenos e nenas- na cidade de Caná.

Nós, representantes do pobo galego, instamos aos contendentes ao cesamento inmediato do fogo e ao respecto do Dereito humanitario internacional e demandamos da comunidade internacional un compromiso activo na procura dunha solución duradera aos conflitos, interrelacionados, que padece Oriente Próximo.

Unha solución que asegure un Estado palestino viable, a integridade territorial do Líbano e un Estado de Israel en paz cos seus veciños, dentro de fronteiras internacionalmente recoñecidas, de conformidade coas resolucións da ONU.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2006.